



Celia Parra: "Cada vez hai máis xente illada"

Conversamos longamente coa poeta Celia Parra, que nos agasalla con tres dos seus audiopoemas. Versos de combate contra os estereotipos. Bases musicais rítmicas e elocuentes. Toda unha experiencia que non sempre se pode vivir en directo. Vídeo exclusivo no interior.

Por [Paco Gallego](#) | Santiago de Compostela | 22/07/2012

Celia Parra é unha licenciada en Comunicación Audiovisual nacida en 1990 e que actualmente vive en Santiago de Compostela. Leva escribindo dende os doce anos. Ten gañado varios concursos, como o Repsol de narrativa breve, o Ánxel Casal por un trístico de poemas, o Avelina Valladares do Concelllo da Estrada, que fixo que se publicase o seu primeiro poemario: *No berce das mareas*. Tamén gañou o María Mariño, da Asociación de teenses pola igualdade, e xa en 2010 levou o terceiro premio do Galicia Crea coa obra *Código Morse*, onde aparecen por vez primeira os audiopoemas.

GC Tendencias: *Non sempre escribiches audiopoemas, polo que vexo...*

Celia: Non. Comecei o ano pasado. Tiña unha asignatura que era *Banda sonora e tratamento de son*. O profesor moveunos moito por eses temas. Collín un poema que xa tiña e creei unha base para el.

GC Tendencias: *As bases musicais dos teus poemas son creadas por ti?*

Celia: Non sempre. Para os primeiros comecei cos *loops*. Ía collendo pequenos anacos de segundos e facendo misturas. Agora estou compoñendo eu as propias bases...

GC Tendencias: *Agora que compós ti a base musical...que vén antes? Poema ou música?*

Celia: Agora é ao revés que no comezo. Comezo cunha base, miro onde pode acaer ben e adapto xa esa base ao poema.

GC Tendencias: *A poesía nace relacionada coa música, aínda que chega un momento en que iso rompe absolutamente e a imaxe do/a poeta queda dissociada da música. Agora formúlase que a poesía vén sendo un grupo de páxinas encadernado en forma de libro cunha portada onde baixo o título e autor/a figura a palabra "poesía". Isto para min é un problema. Onde encaixamos as letras das cancións que acadan altura poética? Eu sempre poño o exemplo de Iván Ferreiro...*

Celia: Ou Sabina...Isto é o que intento romper. Para min a poesía non está pechada nun libro...ten conexións co mundo. Eu fago, ou tento, facer iso. Meter toques da musicalidade perdida - inspírame moito o jazz- e que se abra. Recitar nun bar e que se poida escoitar no mp3, no iPod...

GC Tendencias: *Que nos vas recitar hoxe?*

Celia: Primeiro *Descapotable*, que trata sobre a publicidade e como nos pretende modelar, os estereotipos da muller...Tamén trato sobre a televisión e como nos idiotiza. Os outros son *Bailando con lobos* e *Poema para escoitar no Bershka*.

GC Tendencias: *A túa é literatura de compromiso...*

Celia: Si

GC Tendencias. *Feminino...?*

Celia: Si

GC Tendencias: *Feminista...?*

Celia: Eu supoño que non encaixo tanto tanto como outra xente...pero si que estou comprometida en escribir contra os patróns do que debe ser unha muller que non me cadran co que é unha muller...

GC Tendencias: *Litaratura galega actual...ano 2012. Estado da cuestión...*

Celia: A cousa está mellorando...pero se estás metido velo, se non, igual non....Ata hai uns anos a poesía, por exemplo, non saía de circuitos pechados, das contornas elitistas, os actos institucionais...Agora hai moita xente Samuel L. París, Antía Otero, as Poetas da Hostia -María Lado e Lucía Aldao-...que están traballando para abrila á xente.

GC Tendencias: *Ten a túa poesía un público adolescente potencial?*

Celia: Por unha parte, adolescente adolescente creo que non. Debería, pero non creo que analicen este mundo da TV, das redes sociais e dos estereotipos. Creo que tendo cara a un público xuvenil-adulto.

GC Tendencias: *Ese público é máis ben feminino, masculino ou cres que tanto ten...Eu noto máis aplauso na banda feminina que na masculina...por exemplo [no recital celebrado no Borrazás](#).*

Celia: Creo que máis o feminino, porque ti, por exemplo, poderás gostar dos meus poemas...pero non empatizas...Realmente, non pensara en a quen podería chegar mellor, pero eu escribo como muller, non son das que escribe en ton neutral, sen mollarse...

GC tendencias: *A imaxe, isto de falares da roupa, da publicidade...das grandes -grandísimas- cadeas de moda...a muller vista como ultraconsumista potencial...O uso dos estereotipos para promover ese consumismo extremo..*

Celia: A iso quero chegar. Unha persoa, aparte de como é exteriormente, ten unha vida interior. A exterior sempre é a primeira que se ve... é importante, claro, pero no caso das mulleres, a aparencia exterior é practicamente unha esixencia. Temos que cadrar, seica, cun modelo que defende a sociedade de agora. Nos informativos, nas series... hai que dar ben en cámara. Levado ao extremo, como ocorre coas mulleres, fai que estas mulleres deban ser especialmente "agraciadas", cousa que cos homes non se dá. Eu, de todas formas, insisto máis nas mensaxes que se dan, os patróns de éxito -inacadables-, o tema da comunicación entre persoas, a desinformación que provoca tanta avalancha de interconexión...Cada vez hai máis xente illada...